



ANUNCIO

Con data 14 de febreiro de 2018 o Sr. Alcalde-Presidente ditou a resolución que, a continuación, se transcribe literalmente:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- MODIFICACIÓN DATAS DE CELEBRACIÓN SESIÓN ORDINARIAS XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Mediante a Resolución 1361-2017 de data 19/10/2017, esta Alcaldía resolveu nomear aos concelleiros que forman parte da Xunta de Goberno Local, establecendo a periodicidade, día e hora das sesións ordinarias da mesma, así como as competencias que neste órgano se delegan.

Considerando a necesidade de variar os días de realización das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, é polo que, de conformidade co recollido no artigo 112 do Real Decreto 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, esta Alcaldía, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Modificar os días de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, establecendo que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local terán lugar os **luns, cada quince días, ás 9:30 horas** na Sala de Concelleiros desta Casa Consistorial.

SEGUNDO.- Manter, no non afectado pola presente resolución, a resolución de Alcaldía de data 19/10/2017 (nº 1361/2017).

TERCEIRO.- A presente Resolución terá efectividade dende o día seguinte á súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, establecendo que a vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local realizarse o día **19 de febreiro de 2018 ás 9:30 horas da mañá.**

CUARTO.-Notificar persoalmente a presente resolución aos Concelleiros membros da Xunta de Goberno Local e remitir esta Resolución ao Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e ao Taboleiro de Anuncios do Concello para a súa publicación.

QUINTO.-Dar conta desta Resolución ao Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre."

O que se publica para coñecemento e efectos.

Tui, o Alcalde, Carlos Vázquez Padín.

Documento asinado dixitalmente á marxe.